



Asunto: consultas na avaliación de impacto ambiental ordinaria

Proxecto: parque eólico Cunca

Solicitante: Green Capital Power, SL

Localización: concello de Vila de Cruces (Pontevedra)

Clave: 2020/0011

Antecedentes

O proxecto indicado é unha solicitude de novo parque eólico presentada ao abeiro da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

O 22.01.2020 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas nos remite un oficio no que solicita que o órgano ambiental elabore o documento de alcance do estudo de impacto ambiental, ao abeiro do artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Achegan para iso xunto coa solicitude de autorización presentada polo promotor o 04.01.2019, o documento de inicio de Febreiro do 2019 e o proxecto de execución de Febreiro do 2019.

Logo de que o 21.02.2020 o órgano ambiental solicitase a emenda da documentación ambiental recibida, o 06.04.2020 recíbese un oficio da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, xunto ao que nos dan traslado da nova documentación presentada polo promotor o 10.03.2020, titulada *Documento de inicio. Parque eólico Cunca. Marzo 2020*.

Resumo do proxecto

Segundo a documentación achegada, o proxecto consiste na execución dun parque eólico de 22,5 MW de potencia total no concello de Vila de Cruces (Pontevedra), composto por 5 aerogeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado, subestación transformadora 30/220 kV, edificio de control e unha torre meteorolóxica).

As características principais do proxecto son as seguintes:

- Número de aerogeradores: 5
- Modelo previsto: Siemens Gamesa G145 ou similar
- Potencia nominal unitaria: 4,5 MW
- Potencia total instalada: 22,5 MW
- Altura de buxa: 127,5 m
- Diámetro de rotor: 145 m

Consulta

A avaliación de impacto ambiental (AIA) do proxecto de referencia está suxeita á aplicación da Lei 9/2018, do 5 de decembro (BOE núm. 294, do 06.12.2018), pola que se modifica a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que se terán en conta integramente as modificacións introducidas nela pola dita lei.

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1 d) que os proxectos comprendidos no seu apartado 2 someteranse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria cando así o solicite o promotor.

Entre estes proxectos do dito apartado 2 figuran os comprendidos no anexo II da Lei, que no seu grupo 4.g) recolle os parques eólicos non incluídos no anexo I, agás aqueles destinados a autoconsumo que non excedan os 100 kW.





Este sería o caso da actuación pretendida, dado que non se atopa entre os supostos dos parques eólicos do anexo I e polo tanto sería obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada.

Non obstante, o promotor presenta o documento de inicio do proxecto, e o órgano substantivo nolo remite para que elaborem o documento de alcance do estudo de impacto ambiental (EslA) que, con carácter potestativo, pode solicitar o promotor ao abeiro do apartado 2.a do artigo 33 da dita Lei 21/2013. Consecuentemente, enténdese o sometemento do proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria de acordo co **artigo 7.1 d)** da referida lei.

Con base no anterior, o proxecto debe ser obxecto dunha **avaliación de impacto ambiental ordinaria**.

Polo tanto, **consúltaselle** para que, de acordo coas súas competencias, especialización ou ámbito de actuación, nos informe en relación co alcance e contidos específicos que debería incluír o estudo de impacto ambiental, sinalando o tipo e grado de detalle da información ambiental que consideran necesaria, así como calquera outra observación sobre posibles alternativas de actuación, informacións ou normas que deban ser consideradas polo promotor na redacción do estudo.

Solicítase a maior concreción posible nas súas consideracións, tanto as relativas aos contidos específicos do EslA como, de ser o caso, as referentes a posibles alternativas e/ou modificacións do proxecto que se lle puidesen suxerir ao promotor.

O prazo para a contestación desta consulta é de 30 días hábiles contados desde a recepción desta solicitude. De non emitir o seu pronunciamento no prazo sinalado, procederá de acordo co punto 4 do referido artigo 34.

Segundo o previsto no apartado sétimo do acordo publicado por Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 51), o cómputo de prazos para a emisión do informe solicitado comezará no momento en que perda vixencia o dito acordo ou, se é o caso, as prórrogas deste.

Poderá descargar temporalmente a **documentación** obxecto desta consulta introducindo a clave indicada no encabezamento deste oficio no recadro "código do proxecto" da páxina web á que se accede mediante a seguinte ligazón:

<http://cmatv.xunta.gal/participacion-avaliacion-proxectos>

Nota: prégase que na súa contestación cite a clave do expediente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Manuel Díaz Cano
 Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
 (asinado electronicamente)

Concello de Vila de Cruces
 Plaza Juan Carlos I, S/N
 36590 Vila de Cruces, Pontevedra

